



ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 20-24 DE ABRIL

RUTINAS DIARIAS:

- Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano. Cancións en youtube: **Canción los días de la semana, Los meses del año.**
- Estación do ano: Canción en youtube: **La primavera ya llegó - Rock infantil.**
- Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: **Ventá da clase, dime que día vai hoxe? Dime se o sol saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, o vento sopra hoxe. Ventá dime xa, que día vai hoxe?**
- Sería importante que escribieran tamén a data.

LUNS 20: GRAFOMOTRICIDADE

Partindo do modelo **(ANEXO I)**, podedes facer debuxos coma estes, ou inventar novos debuxos. Poñédelle o voso nome á ficha e un título.



MARTES 21: LÓXICO MATEMÁTICA

Contamos e comparamos obxectos que teñamos na casa: mesas con cadeiras, portas con ventás, pratos con coitelos...

- Escollemos dous obxectos para comparalos.
- Contamos cantos hai de cada.
- Comparamos e facemos frases como:
 - Hai máis *cadeiras* ca *mesas*.
 - Hai menos *mesas* ca *cadeiras*.
 - Hai tantas *mesas* coma *cadeiras*.
- Podedes utilizar a ficha **(ANEXO II)**, podedes elaborar vós algo similar cos obxectos escollidos, ou podedes facer as actividades de xeito oral.

MÉRCORES 22: LECTO-ESCRITURA



Fai tarxetiñas con estas letras e vainas combinando para formar palabras. ¿Cántas palabras podes facer con estas letras? Escribeas nun papel (poden ser en galego ou en castelán)

Podes usar o modelo (**ANEXO III**), ou elaborar ti as tarxetas coas letras.

XOVES 23: **¡¡DÍA DO LIBRO!!**

Para conmemorar o día do libro propoño que fagades un marcapáxinas. Non vos dou modelos, nin suxerencias, porque quero que sexa totalmente libre. **DEIXADE VOAR A IMAXINACIÓN!!**


Tamén me gustaría que vos fixerades unha foto co voso **conto favorito** e que a compartirades co resto da clase a través do Whatsapp ou do Messenger, e coa profe a través do correo.

VENRES 24: XOGOS DE SOPLO

- Pensade qué materiais dos que tendes na casa poden valer para facer algo parecido ás propostas.
- Poñede unhas normas de **tempo** que podes tardar, **cantidade** de “pelotiñas” que tes que conseguir ou **cores** que tes que coller...
- Se xogas con alguén establece a orde das quendas.
- E agora sí...todo listo para a diversión!!



ANEXO I



¿CANTOS HAI NA CASA?

1.1.-CONTAMOS:



Hai e

1.2.-COMPARAMOS: contesta SI ou NON.

Hai máis *mesas* ca *cadeiras*?

Hai menos *mesas* ca *cadeiras*?

Hai tantas *mesas* coma *cadeiras*?

2.1.-CONTAMOS:



Hai e


2.2.-COMPARAMOS: escribe a opción correcta onde corresponda.

Hai máis ca

Hai menos ca

Hai tantas coma

ANEXO III



.....

¿Cantas palabras podo formar con estas letras?

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.